

Concello de Viveiro

ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL

SESION EXTRAORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL, CORRESPONDENTE A O DÍA VINTE E TRES DE AGOSTO DE DOUS MIL DEZASEIS.

ASISTENTES:

D. JESUS ANTONIO FERNÁNDEZ CAL
D^a. MARIA ISABEL RODRIGUEZ LOPEZ
D. JESÚS FERNÁNDEZ FERNÁNDEZ
D^a. LARA FERNÁNDEZ FERNÁNDEZ-NORIEGA

INTERVENTOR POR DELEGACIÓN:

D. SERGIO AGUADO DELICADO

AUSENTES:

D. EMILIO VILLARMEA MENDEZ

SECRETARIA ACCIDENTAL:

D^a. FÁTIMA MOAR RIVERA

Na Casa do Excmo. Concello de VIVEIRO, sendo as 14:00 do día 23 de agosto de 2016, baixo a Presidencia do Sr. Alcalde en funcións, D. Jesús Antonio Fernández Cal, e coa asistencia dos Sres. Concelleiros relacionados anteriormente, así como a da Secretaria Accidental, D^a. Fátima Moar Rivera, ten lugar a sesión extraordinaria da Xunta de Goberno Local, en primeira convocatoria.

Á hora sinalada para este acto polo Sra. Alcaldesa, declárase aberto o mesmo.

1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DAS ACTAS DAS SESIÓNS CELEBRADAS OS DÍAS 06-07-2016, 15-07-2016 E 22-07-2016.

Por parte do SR. Alcalde en funcións D. Jesús A. Fernández Cal, ante a aprobación da Acta do 06-xullo-2016, ven en manifestar que se observa un erro na redacción do acordo sinalado co número de Expte. 923/2016, e considera que antes de aprobar esta Acata debe correxirse no senso de que “-xa que no terceiro punto onde di: “Adxuntar as Bases e criterios de

Concello de Viveiro

selección publicadas no B.O.P. coa data 18 de agosto de 1999". Debe dicir, e así é correcto: "Aprobar as Base de xerais e específicas que rexerán o proceso selectivo, mediante o sistema libre de concurso de valoracións de méritos para o ingreso, con carácter temporal, do posto de traballo denominado: operario de protección civil, incluídas no expediente 923/2016- e suprimir o punto terceiro da convocatoria, substituíndo a súa publicación no Boletín Oficial da provincia, por unha oferta de emprego ante a oficina de emprego de Viveiro.

E non habendo máis que obxectar a esta Acta, queda aprobada por unanimidade, a Acta de 06-07-2016.

Seguidamente, preguntado polo Sr. Presidente si hai algunha obxección ou salvedade que facer ás actas do 15 de xullo de 2016 e 22 de xullo de 2016, cuxo borrador foi remitido ós señores Tenientes de Alcalde e membros da Xunta de Goberno, e non habendo máis que alegar, por unanimidade, quedan aprobadas sin enmendadas ou salvedades algunhas ás actas do 15 de xullo de 2016 e a do 22 de xullo de 2016.

2.- EXPTE. 100/2016.- APROBACIÓN DO PLAN DE SEGURIDADE E SAÚDE DA OBRA "MELLORA E REPOSICIÓN DE SANEAMENTO, REDES DE SUMIDOIROS E ABASTECIMENTO DE AUGA NA RÚA REGO DAS FRORES".

Visto o Plan de Seguridade e Saúde presentado por CARFERLO, S.L., referente á obra "Mellora e reposición de saneamento, redes de sumidoiros e abastecemento de auga na rúa Rego das Frores".

Visto o informe favorable a este Plan de Seguridade e Saúde emitido polo coordinador durante a fase de execución da obra, D. Iván Prada Casas.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda:

Primeiro.- Prestar aprobación ó Plan de Seguridade e Saúde presentado por CARFERLO, S.L., referente á obra "Mellora e reposición de saneamento, redes de sumidoiros e abastecemento de auga na rúa Rego das Frores".

Segundo.- Dar traslado do presente acordo ó Servizo de Contratación para a súa notificación ós interesados.

3.- EXPTE. 119/2016.- ADXUDICACIÓN DA OBRA DENOMINADA "REPOSICIÓN DE FIRME NO VIAL "RÚA DO CIMITEIRO", SITO NO NÚCLEO URBANO DE CELEIRO" (EXPTE. CT 2016/2).

Visto o expediente de contratación CT 2016/2, denominado "Reposición de firme no vial denominado "Rúa do Cimiterio" sito no núcleo urbano de Celeiro".

Visto que na Xunta de Goberno Local de data 6 de xullo de 2016 se aprobou o expediente de contratación mencionado, así como o gasto para realizar a actividade descrita, xunto co prego de cláusulas administrativas particulares



Concello de Viveiro

e de prescricións técnicas e a solicitude de presentación de ofertas a tres empresas.

Visto que na Mesa de Contratación, en sesión de 22 de xullo de 2016, deuse conta das empresas invitadas ao procedemento, e das finalmente presentadas, procedendo a revisar a documentación administrativa das empresas presentadas.

Visto que na Mesa de Contratación, en sesión de 1 de agosto de 2016, se procedeu á apertura das ofertas contidas no sobre núm. 2, non procedéndose ao acto de negociación de ofertas, segundo o detalle que consta en acta, proponiendo como adxudicataria do contrato á empresa CARFERLO, S.L., por importe de 54.540,00 euros IVE engadido, e un prazo de execución de obra de 3 días hábiles de traballo, decidindo igualmente requirila para a presentación dos documento previos á adxudicación do contrato.

Visto que na Xunta de Goberno Local de 9 de agosto de 2016 deuse conta da proposta de adxudicación dada pola Mesa de Contratación, decidindo requirir a empresa para a presentación dos documentos previos á adxudicación do contrato, aos que fai referencia a cláusula 20 do prego de cláusulas.

Visto que a empresa CARFERLO S.L. presentou ante o Concello os documentos requiridos previos á adxudicación do contrato e constituíu a garantía definitiva.

Visto o informe da Técnico Xurídico, coas observacións recollidas no mesmo, coa conformidade de Intervención.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda:

Primeiro.- Adxudicar o contrato denominado “Reposición de firme no vial denominado “Rúa do Cimiterio” sito no núcleo urbano de Celeiro”, (Expte. CT 2016/2) á empresa CARFERLO, S.L., con CIF B-27.227.388, por un prazo de execución de obra de “tres días hábiles” (3) e por un importe total de “cincuenta e catro mil catrocentos cincuenta euros” (54.450,00 euros), desglosado do seguinte xeito:

ORZAMENTO BASE	21 % IVE	ORZAMENTO TOTAL
45.000,00 €	9.450,00 €	54.450,00 €

Segundo.- Dar traslado deste acordo ó Servizo de Contratación para a súa notificación ó Departamento de Intervención, e para a continuidade do expediente ata a súa conclusión.

Concello de Viveiro



Concello de Viveiro

4.- EXPTE. 132/2016.- ADXUDICACIÓN DO CONTRATO DENOMINADO "MELLORA DE CAMIÑOS DE TITULARIDADE MUNICIPAL DE ACCESO A EXPLOTACIÓNS AGRARIAS NO CONCELLO DE VIVEIRO" (EXPTE. 2016/10).

Visto o expediente de contratación CT 2016/10, denominado "Mellora de camiños de titularidade municipal de acceso a explotacións agrarias no Concello de Viveiro" (EXPTE. CT. 2016/10).

Visto que na Xunta de Goberno Local de data 22 de xullo de 2016 se aprobou o expediente de contratación da obra mencionada, así como o gasto para realizar a actividade descrita, xunto co prego de cláusulas administrativas particulares e de prescricións técnicas.

Visto que na Mesa de Contratación, en sesión de 11 de agosto de 2016, deuse conta das empresas invitadas ao procedemento, e das finalmente presentadas, procedendo a revisar a documentación administrativa das empresas presentadas. Así mesmo, na devandita sesión, procedeuse á apertura das ofertas contidas nos sobres núm. 2 das empresas presentadas, levando a cabo seguidamente o actode negociación das ofertas, segundo o resultado que consta na acta da sesión, propoñéndose como adxudicataria do contrato á empresa "Construcciones Isidro Otero S.L.", por importe total, IVE incluído, de 74.000,00 euros e por un prazo de execución de "cinco días" hábiles de traballo.

Visto que a Alcaldía requiríu a empresa proposta para a presentación dos documentos previos á adxudicación do contrato asos que fai referencia a cláusula 20 do prego de cláusulas.

Visto que a empresa Construcciones Isidro Otero, S.L., presentou ante o Concello os documentos requiridos previos á adxudicación do contrato e constituíu a garantía definitiva.

Visto o informe da Técnico Xurídico, coas observacións recollidas no mesmo, coa conformidade de Intervención.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda:

Primeiro.- Adxudicar o contrato denominado "Mellora de camiños de titularidade municipal de acceso a explotacións agrarias no Concello de Viveiro" (EXPTE. CT. 2016/10) á empresa Construcciones Isidro Otero, S.L., con CIF B-27.250.182, por un prazo de execución de obra de "cinco días hábiles" (5) e por un importe total de "setenta e catro mil euros" (74.000,00 euros), desglosado do seguinte xeito:

ORZAMENTO BASE	21 % IVE	ORZAMENTO TOTAL
61.157,02 €	12.842,98 €	74.000,00 €

Concello de Viveiro



Concello de Viveiro

Segundo.- Dar traslado deste acordo ó Servizo de Contratación para a súa notificación ó Departamento de Intervención, e para a continuidade do expediente ata a súa conclusión.

5.- EXPTE. 1562/2016.- LICENCIA URBANÍSTICA OBRA LUIS TRELLES 8 AUPAC URB/124/2016 .- TRASANCOS ATADELL ANTONIO AUGUSTO.

Vista a solicitude de licenza presentada por D. Antonio Augusto Trasancos Atadell, con DNI 76.543.946-S, e domicilio a efectos de notificación en Rúa Luis Trelles, 8, Viveiro, para a substitución de cuberta executar no inmovible sito na rúa Luis Trelles, nº 8, no casco antigo de Viveiro, de referencia catastral 3455945PJ1335N000SDW; coa solicitude achegou o proxecto básico e de execución asinado polo arquitecto, D. Francisco J. Hermida Trastoy, visado polo COAG o 2 de marzo de 2016 co número 1601139.

Visto que o 7 de xullo de 2016 tivo entrada no rexistro xeral do Concello de Viveiro a resolución ditada o 30 de xuño pola xefa do servizo de coordinación da área cultural, por delegación da directora xeral de patrimonio cultural, autorizando as actuacións contidas no proxecto técnico aludido no antecedente primeiro anterior, coas modificacións contidas no reformado de proxecto básico e de execución asinado en maio de 2016 polo antedito arquitecto (eliminación do voo ou cornisa da cuberta, cambio do formato e material da carpintería do oco lateral, e recibado con morteiro a base de cal e pintura en cor branca na fachada lateral), subordinaria ao cumprimento da condición de que a carpintería da fachada lateral deberá ser en madeira pintada con tratamento de poro aberto en cor marrón.

Visto que obra no expediente o preceptivo informe técnico de conformidade das actuacións solicitadas coa legalidade urbanística, asinado pola aparelladora da oficina municipal do casco antigo de Viveiro e conformado polo arquitecto municipal o 14 de xullo de 2016. Segundo o indicado informe, o orzamento declarado (16.010,62 euros) verificouse de conformidade, sen prexuízo das posibles variacións que se poideran producir durante a execución das obras que, de ser o caso, darían lugar ás revisións correspondentes.

Visto que por parte da técnico xurídico do Departamento de Urbanismo se emitiu informe xurídico, para dar cumprimento ao disposto no artigo 143.1 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia (en diante, LSG).

Visto que a técnico xurídico sinala no seu informe que, de conformidade co disposto no artigo 142.2 letra c) da LSG, as intervencións en inmoables declarados BIC ou catalogados polas súas singulares características ou valores culturais, históricos, artísticos, arquitectónicos ou paisaxísticos estarán suxeitos a licenza municipal, sen prexuízo das autorizacións que

Concello de Viveiro



Concello de Viveiro

sexan procedentes de acordo coa lexislación sectorial aplicable. O inmovible de referencia atópase incluído no catálogo inventario do Plan Especial de Protección e Reforma Interior do Casco Antigo de Viveiro (PEPRI), polo que a solicitude debe tramitarse polo procedemento de licenza.

Conforme o disposto no artigo 143.1 da LSG, as licenzas outorgaranse de acordo coas previsións da lexislación e planeamento urbanísticos. O punto terceiro da disposición transitoria primeira da mencionada lei declara expresamente o mantemento da eficacia dos decretos autonómicos de suspensión do plan que foron ditados antes da súa entrada en vigor, e ata que entre en vigor o plan xeral; na súa virtude, a normativa vixente no municipio de Viveiro, aplicable á resolución deste procedemento, é a contida no Decreto 102/2006, do 22 de xuño, polo que se suspende a vixencia das normas subsidiarias de planeamento municipal de Viveiro e se aproba a ordenación urbanística provisional ata a entrada en vigor do novo planeamento, que, no punto 1.3 do Anexo regula a ordenanza de solo urbano da zona antiga de Viveiro, de aplicación aos terreos incluídos no ámbito territorial do PEPRI.

De acordo coa indicada ordenación provisional, e tendo en conta o informe favorable dos servizos técnicos municipais que obra no expediente, as actuacións propostas cumpren coas previsións da ordenanza aplicable.

O inmovible sobre o que se pretende actuar atópase no contorno de protección do Conxunto arquitectónico da Igrexa e Convento de San Francisco (elemento declarado BIC) polo que, de conformidade co disposto no punto 11 do Anexo do Decreto 102/2006, do 22 de xuño, as actuacións urbanísticas dentro das áreas de protección definidas nas letras a), b) e c) precisarán do informe previo da Comisión Provincial do Patrimonio, que terá carácter vinculante; segundo se indica no apartado segundo de antecedentes, consta no expediente o informe favorable nesta materia, subordinado ao cumprimento da seguinte condición: a carpintería da fachada lateral deberá ser en madeira pintada con tratamento de poro aberto en cor marrón.

A Xunta de Goberno Local, en base á proposta de resolución do técnico xurídico do Departamento de Urbanismo, por unanimidade, acorda:

Primeiro.- Outorgar a D. Antonio Augusto Trasancos Atadell, licenza municipal para executar obras no inmovible sito na rúa Luis Trelles, nº 8 no casco antigo de Viveiro, de referencia catastral 3455945PJ1335N000SDW, consistentes na substitución de cuberta, de acordo co proxecto básico e de execución asinado polo arquitecto, D. Francisco J. Hermida Trastoy, visado polo COAG o 2 de marzo de 2016 co número 1601139, coas modificacións contidas no reformado de proxecto básico e de execución asinado en maio de 2016 polo antedito arquitecto (eliminación do voo ou cornisa da cuberta, cambio do formato e material da carpintería do oco lateral, e recebado con morteiro a base de cal e pintura en cor branca na fachada lateral), e con

Concello de Viveiro



Concello de Viveiro

cumprimento da condición de que a carpintería da fachada lateral deberá ser en madeira pintada con tratamento de poro aberto en cor marrón.

Segundo.- A licenza municipal suxeitase ao cumprimento das seguintes condicións particulares:

- a. De ser necesaria a ocupación da vía pública para a execución das obras, colocación de andamiaxe e/ou instalación de guindastres, deberase solicitar e obter a previa e preceptiva autorización municipal.
- b. Os entullos que se xeneren durante as obras deberán ser trasladados a vertedoiro autorizado.

Terceiro.- Dar traslado deste acordo ó Servizo de Urbanismo ós efectos de proceder á súa notificación ós interesados.

6.- EXPTE. 1607/2016.- SOLICITANDO ASIGNACIÓN DE NÚMERO PARA VIVENDA EN CHAVIN-CHAOS.- MARIA DE LOS ANGELES FERNANDEZ GARCIA.

Visto o escrito presentado por D^a. María de los Angeles Fernández García, con DNI 32.418.499-E, veciña de Viveiro e con domicilio na Avda. Gran Canaria, nº 4-1^º Dcha., 15011 A Coruña, no que solicita a asignación de número para a vivenda situada no lugar de Chaos, parroquia de Chavín, Viveiro.

Visto o informe emitido polo Negociado de Estatística, no que se fai constar que, segundo o libro de numeración existente, a entidade de Chaos, está composta por dous núcleos, Chaos e Seara, con numeración correlativa, polo que lle correspondería: Seara, nº 55, Chavín.

A Xunta de Goberno Local, e visto o informe de estatística, por unanimidade, acorda:

Primeiro.- Asignarlle á vivenda propiedade de D^a. María de los Angeles Fernández García, a seguinte numeración de goberno:

Seara, nº 55, da parroquia de Chavín.

Segundo.- Dar traslado do presente acordo ó Departamento de Estadística para a súa notificación á interesada.

7.- EXPTE. 1631/2016.- SOLICITANDO A PRESTACIÓN DO SERVIZO DE AXUDA A DOMICILIO .- RIVERA VIDAL MARIA DOLORES.

Concello de Viveiro



Concello de Viveiro

Vista a solicitude de servizo de axuda no fogar presentada por D^a. María Dolores Rivera Vidal, con DNI **76.543.997-C**, e domicilio na rúa Castelao, n^o 4-1^o Drcha., Covas, Viveiro.

Visto o informe da Traballadora Social no que se propón conceder a dita axuda ó solicitante, de acordo cos seguintes datos:

Contidos prestacionais:	Atencións de carácter doméstico.
Capacidade económica da persoa usuaria:	>80%<150% IPREM
Aportación económica:	10%
Custo directo do servizo que satisfará o Concello:	90%
Duración do servizo:	4 horas semanais
Revisión do mesmo:	Anual.
Disponibilidade de alta efectiva ou paso a lista de agarda:	Paso a lista de agarda.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda:

Primeiro.-Conceder a D^a. María Dolores Rivera Vidal o servizo de axuda no fogar solicitado, de acordo co previsto no informe da Traballadora Social, pasando á lista de agarda.

Segundo.- Dar traslado do presente acordo ó Departamento de Servizos Sociais ós efectos oportunos e de traslado ó interesado.

8.- EXPTE. 1683/2016.- SOLICITANDO A PRESTACIÓN DO SERVIZO DE AXUDA A DOMICILIO .- CASAS SANTEIRO JOSE.

Vista a solicitude de servizo de axuda no fogar presentada por D. José Casas Santeiro, con DNI **32.518.142-Y**, e domicilio en Río de Loiba, n^o 17, Covas, Viveiro.

Visto o informe da traballadora social no que se propón conceder o servizo de axuda no fogar solicitado coas seguintes características:

Contidos prestacionais:	Atencións de carácter persoal e doméstico.
Capacidade económica da persoa usuaria:	>200%<250% IPREM
Aportación económica:	40%
Custo directo do servizo que satisfará o Concello:	60%
Duración do servizo:	6 horas semanais
Revisión do mesmo:	Anual.
Disponibilidade de alta efectiva ou paso a lista de agarda:	Alta efectiva.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda:

Concello de Viveiro



Concello de Viveiro

Primeiro.- Conceder o servizo de axuda no fogar a D. José Casas Santeiro, coas características especificadas no informe da traballadora social, con alta efectiva, sinalando que non debe sobrepasarse o importe establecido no orzamento para dito servizo.

Segundo.- Dar traslado do presente acordo ó Departamento de Servizos Sociais para o seu coñecemento e notificación ó interesado.

9.- EXPTE. 1686/2016.- AUTORIZACIÓN DE ENTRONCAMENTO Á REDE DE SUMIDOIROS .- RIVERA FERNANDEZ ANA MARIA, SOLICITUD ENTRONQUE SUMIDOIROS.

Visto o expediente de entronque á rede de sumidoiros Nº 10/16, tramitado a instancia de D^a. Ana María Rivera Fernández, con DNI 76.530.463-X, veciña de Viveiro e con domicilio en Pallaregas, 37, en Covas, Viveiro na que solicita autorización para conexión de alcantarillado á rede de distribución para a vivenda de referencia catastral 00170300PJ13E0002WA sita en Pallaregas, 37. Viveiro.

Resultando que no expediente consta dita solicitude, da que se da traslado ó Concello por parte de VIAQUA, S.A.U., en data 8 de agosto de 2016.

Resultando que no expediente non consta informe emitido polo vixiante urbanístico.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda:

Primeiro.- Que se emita informe polo vixiante urbanístico.

Segundo.- Que se dea traslado deste acordo polos servizos de secretaria.

10.- EXPTE. 1688/2016.- AUTORIZACIÓN DE ENTRONCAMENTO Á REDE DE SUMIDOIROS .- NOVO ORDOÑEZ EMILIA.



Concello de Viveiro

Visto o expediente de entronque á rede de sumidoiros Nº 11/16, tramitado a instancia de D^a. Emilia Novo Ordoñez, con DNI 33.329.692-R, veciña de Viveiro e con domicilio no Pontigo, 1, en Galdo, Viveiro na que solicita autorización para conexión de alcantarillado á rede de distribución para a vivenda sita no Pontigo, 1, en Galdo, Viveiro.

Resultando que no expediente consta dita solicitude, da que se da traslado ó Concello por parte de VIAQUA, S.A.U., en data 8 de agosto de 2016.

Resultando que no expediente non consta informe emitido polo vixiante urbanístico.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda:

Primeiro.- Que se emita informe polo vixiante urbanístico.

Segundo.- Que se dea traslado deste acordo polos servizos de secretaria.

11.- EXPTE. 1751/2016.- DACIÓN DE CONTA DE RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA DICTADAS POR AVOCACIÓN DE COMPETENCIAS.

Por parte da Sra. Alcaldesa, D^a. María Loureiro García, dáse conta das Resolucións feitas pola Alcaldía mediante a avocación de competencias delegadas na Xunta de Goberno Local, que se corresponden coas Resolucións Número 731 e Número 742, que figuran no ANEXO I da presente Acta.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda:

Darse por informada dos Decretos ditados pola Alcaldía por avocación de competencias, entendendo que en tódolos casos existía motivación suficiente da urxencia para a súa realización.

12.- PROPOSTAS DE GASTOS .- EXPTE. 1840/2016.- EXPTE. 1863/2016.

Vistas as propostas de gasto presentadas polos Concelleiros, coa fiscalización previa de conformidade pola Intervención, certificando a existencia de crédito, cos números de expedientes EXPTE. 1840/2016, EXPTE. 1863/2016, que se relacionan no ANEXO II da presente Acta.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda:

Primeiro.- Aprobar a autorización dos gastos referidos no ANEXO II.

Concello de Viveiro



Concello de Viveiro

Segundo.- Dar conta do presente acordo ao Departamento de Intervención e ós concelleiros proponentes das propostas de gasto aprobadas.

13.- EXPTE. 1854/2016 .- SOLICITUD DEVOLUCIÓN FIANZA DEPLAT S.L. EXPTE. CT 2013/5.

Visto o escrito presentado en data 22 de xaneiro de 2016 por D^a. Elvira Montes Otero, con DNI 76.615.413-K, en calidade de administradora da empresa DEPLAT, S.L., con CIF B-36.368.379, e domicilio a efectos de notificación na Rúa Virxe do Camiño, 59-4^aA, 36001 Pontevedra, mediante o que se manifesta que dita empresa executou as obras de “Servizo de Xestión Catastral no Concello de Viveiro”, rematando o prazo de garantía das mesmas polo que solicita a devolución da finaza.

Visto o informe emitido pola Alcaldía de conformidade na prestación do servizo por parte da empresa “Deplat, S.L.”, no que se sinala que o referido contrato, en vigor desde o 2 de outubro de 2013 ata o 3 de outubro de 2015, executouse por parte da empresa adxudicataria “Deplat, S.L.”, a plena satisfacción polo Concello.

A Xunta de Goberno Local, de conformidade do informe do servizo de contratación, por unanimidade, acorda:

Primeiro.- Devolver á empresa “Deplat, S.L.”, a garantía definitiva referente á obra “Servizo de Xestión Catastral no Concello de Viveiro”.

Segundo.- Dar traslado do presente acordo ó Servizo de Contratación para a súa notificación ós interesados e ós Departamentos de Tesourería e Intervención para o seu coñecemento e efectos.

14.- EXPTE. 1864/2016.- RECOÑECIMENTO E LIQUIDACIÓN DE OBRIGAS, CON INFORME.

Vista a proposta do Concelleiro de Facenda, D. Jesús Fenández Fernández, que recolle as facturas e obrigas, que figuran no ANEXO III da Acta.

Visto o informe emitido pola Intervención Municipal no que se sinala que se trata de gastos realizados no propio exercicio carecendo de aprobación do gasto e do procedemento de contratación, ó non ter cobertura como contrato menor, e que existe consignación orzamentaria no orzamento prorrogado por importe de 171.055,34 euros, poñendo por ditos motivos de manifesto a disconformidade na tramitación dos gastos, en canto supoñen gastos realizados sen os trámites de consignación orzamentaria previa, aínda que a teñen, sen fiscalización previa e omítense outros requisitos e trámites dos procedementos de contratación ó non ter cobertura como contrato menor. Engade que por outra banda ditas factura se corresponden con contratos administrativos de servizos ou subministros que existiron, no sentido de que houbo no seu momento un acto administrativo de adxudicación de contrato, aínda que respecto deles rematou o seu prazo,

Concello de Viveiro

Concello de Viveiro

apuntando así mesmo que en virtude da teoría do enriquecemento inxusto debe existir unha correlativa compensación da administración que recibe a prestación a favor do acreedor. Dito informe conclúe sinalando que coas discrepancias e consideracións formuladas, existindo consignación orzamentaria axeitada e suficiente para facer fronte ós gastos realizados no exercicio 2016, e previo informe que se require ós responsables dos servizos afectados en canto ó motivo ou causa da falta de tramitación do procedemento contractual, corresponde á Xunta de Goberno Local a validación do gasto e aprobación do recoñecemento ou liquidación da obrigas.

Consta así mesmo informe do Departamento de Contratación no tocante ó expediente de contratación do servizo de axuda no fogar para persoas dependentes do Concello de Viveiro, no que consta anotación da intervención municipal de elevación á Xunta de Goberno Local para a súa validación.

Visto o informe do servizo de contratación en relación ao expediente de contratación denominado: “Servizo de axuda no fogar para personas dependentes do Concello de Viveiro”, que entre outros di:

(...)”

1. Que o Servizo de Contratación está tramitado o referido expediente por procedemento aberto, con anuncio de convocatoria pública no Boletín Oficial da provincia de 4 de maio de 2016, presentándose no referido prazo proposicións por parte de tres empresas licitadoras.
2. Que a Mesa de Contratación municipal, en sesión de 4 de xullo de 2016, procedeu ao control da documentación administrativa das tres empresas presentadas, co resultado que consta en acta.
3. Que a Mesa de Contratación, en sesión de 1 de agosto de 2016, decidiu as empresas admitidas ao procedemento e a empresa excluída, procedendo á apertura dos sobres núms. 2 das empresas admitidas (documentación técnica, criterios subxectivos do contrato), para a súa valoración polas traballadoras sociais do Concello, segundo se regula na cláusula 17 do prego de cláusulas.
4. Que neste momento o procedemento atópase na fase de emisión do informe valorativo dos criterios subxectivos do contrato, para proceder a súa consideración pola Mesa de Contratación e posterior apertura dos sobres núms. 3 (ofertas económicas), con valoración das proposicións presentadas e emisión de Proposta de resolución do contrato.

“(...)”



Concello de Viveiro

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda:

Primeiro.- Validar o gasto e aprobar a relación de facturas que antecede, recoñecendo as obrigas que derivan das mesmas.

Segundo.- Dar conta do referido acordo ó Departamento de Intervención ós efectos oportunos e para a súa notificación ó Departamento de Tesourería.

15.- EXPTE. 1867/2016.- AUTORIZACION PARA MODIFICACION DE LICENZA OBRA EN SANTO ALBITES .- DIAZ MIGUEZ MIGUEL ANGEL, 33996560F, MODIFICACION DA LICENZA DE CONSTRUCCION DE VIVENDA EN SANTO ALBITES CONCEDIDA O 6 DE AGOSTO DE 2001, SANTO ALBITES.

Vista a solicitude de modificacións de licenza con respecto ao proxecto orixinal presentada por D. Miguel Angel Díaz Míguez, con DNI 33.996.560-F, e domicilio a efectos de notificación na Rúa Otero Pedrayo, nº 11-1º, El Temple - Cambre, 15679 A Coruña. para construción dunha vivenda unifamiliar en Santo Albites, de acordo co proxecto técnico dos arquitectos, Dª. Alejandra Fernández-Gago Longueira e D. Alfredo Olañeta Rebolleda en fecha 6 de agosto de 2001. Entre as condicións ás que se subordinou a licenza municipal atópase a relativa a que as obras executaranse con estricta suxección ao proxecto aprobado e baixo a dirección do técnico que figura no expediente, debendo obter a conformidade previa do concello para toda variación ulterior que se pretendiera introducir.

Visto que o 26 de febreiro de 2015 tivo entrada no rexistro xeral deste Concello un escrito do Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia comunicando o cese dos arquitectos antes mencionados nas funcións de dirección da obra promovida por D. Miguel Angel.

Visto que o 12 de abril de 2016 o interesado solicitou autorización para introducir diversas modificacións na obra en construción respecto do proxecto técnico de vivenda unifamiliar que servíu de base para o outorgamento da licenza municipal; achegando documento técnico denominado "reformado de proyecto básico y de ejecución de vivienda unifamiliar en Santo Albites" asinado polo arquitecto, D. Francisco J. Hermida Trastoy que conta co visado regulamentario do COAG de fecha 29 de marzo de 2016, co número 1601656,4 e oficio de dirección de obra igualmente visado a favor do dito facultativo.

Visto que o 22 de agosto de 2016 foi emitido informe polos servizos técnicos municipais no que expresamente se dí que as modificacións propostas (consistentes en variacións na distribución interior, aproveitamento do espazo baixo o porque de entrada, variacións na colocación dos ocos de fachada e adaptación dos niveis do terreo) cumpren coa normativa urbanística de aplicación no ámbito do solo de núcleo rural, regulado no punto 7 do anexo do Decreto 102/2006, polo que se regula a ordenacións

Concello de Viveiro



Concello de Viveiro

urbanística provisional do municipio de Viveiro. As modificacións introducidas ascenden a 14,121,19 euros (orçamento de execución material), que deberá ser obxecto de liquidación complementaria.

Visto que por parte da técnico xurídico do Departamento de Urbanismo se emitiu informe xurídico para dar cumprimento ao disposto no artigo 143,2 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia.

Visto que a técnico xurídico sinala no seu informe que, o artigo 16 da Ordenanza Municipal de tramitación de licenzas urbanísticas (aprobada definitivamente polo Pleno do Concello o 8 de marzo de 2007 e publicada no BOP de Lugo nº 88, do 18/04/2007 establece o réxime xurídico aplicable aos supostos de modificacións das licenzas urbanísticas, indicando no parágrafo 2º que as alteracións que pretendan introducirse durante a execución das obras autorizadas só precisarán de aprobación municipal cando supoñan cambios de uso ou afecten ás condicións de volume e forma dos edificios, á posición e ocupación do edificio na parcela, á edificabilidade, ó número de vivendas, ás condicións de seguridade ou á estética.

Segundo a descrición das modificacións a introducir contida no documento técnico, neste caso é necesaria a aprobación municipal xa que se afectan as condicións estéticas da vivenda unifamiliar inicialmente proxectada e coa que se obtivo a licenza.

O apartado 4 do artigo 16 da Ordenanza Municipal de tramitación de licenzas urbanísticas dispón -nos casos de modificación de licenzas- que a licenza que se conceda limitárase a recoller o contido da modificación, facendo referencia á licenza que se modifica.

A Xunta de Goberno Local, en base á proposta de resolución da técnico xurídico do Departamento de Urbanismo, por unanimidade, acorda:

Primeiro.- Conceder a D. Miguel Angel Díaz Míguez autorización para introducir modificacións na licenza outorgada pola Xunta de Goberno en fecha 6 de agosto de 2001 (expediente 181/2001) de acordo co documento denominado "reformado de proyecto básico y de ejecución de vivienda unifamiliar en Santo Albites" asinado polo arquitecto, D. Francisco J. Hermida Trastoy e que foi visado polo COAG o 29 de marzo de 2016, co número 1601656,4, debendo executarse baixo a súa dirección facultativa.

Segundo.- Dar traslado do expediente á Tesourería municipal para que practique a liquidación complementaria que corresponda pola diferenza de orzamento, que ascende a 14,121,19 euros.

Terceiro.- Dar traslado deste acordo ó Servizo de Urbanismo ós efectos de proceder á súa notificación ós interesados e ó Departamento de Tesourería.

16.- EXPTE. 1869/2016.- RECOÑECIMENTO E LIQUIDACIÓN E OBRIGAS. (F/2016/33) (O/2016/42).

Concello de Viveiro

Plaza Mayor, 1, Viveiro. 27850 Lugo. Tfno. 982560128. Fax: 982561147



Concello de Viveiro

Vista a proposta do Concelleiro de Facenda, D. Jesús Fernández Fernández, coa conformidade da Intervención, que recolle facturas e obrigas, que figuran no ANEXO IV da presente Acta.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda:

Primeiro.- Aprobar a relación de facturas e obrigas que derivan das mesmas que se relacionan no ANEXO IV desta Acta.

Segundo.- Dar conta deste acordo ó Departamento de Intervención para o seu coñecemento, e proceder a súa notificación ós Departamentos de Tesourería e Servizos Económicos.

17.- EXPTE. 1877/2016.- ESCRITO RELACIONS INSTITUCIONAIS SOBRE TRANSPORTE ELECCIONES GALLEGAS 25-9-16 .- DIRECCION XERAL DE RELACIONS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS.

Visto o escrito da Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias, no que comunica que o Parlamento de Galicia foi disolto por medio do Decreto 92/2016 do 1 de agosto de 2016 e convocado o novo proceso electoral, que terá lugar o vindeiro 25 de setembro, así como o acordado nas Instrucións Económico-Administrativas para as Xuntas electorais de Zona.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda:

Primeiro.- Darse por enterados e dar traslado do presente acordo ao Departamento de Estatística para o seu coñecemento e efectos.

18.- EXPTE. 941/2016.- PROXECTO DE OBRA INCLUIDO NO POS 2016 DENOMINADO ACONDICIONAMENTO E MELLORA DOS VIAIS DE ACCESO AO CASCO HISTÓRICO DE VIVEIRO PARA ACORDAR A EXPOSICIÓN PÚBLICA.- DIPUTACION PROVINCIAL DE LUGO.

Visto o proxecto da obra incluída no POS 2016, denominada “Proyecto de acondicionamiento y mejora de los viales de acceso al Casco Histórico de Viveiro”, redactado polo arquitecto de obras do Concello de Viveiro, D. Santiago Meitín Míguez en xullo de 2016, cun orzamento de execución por contrata que ascende á cantidade de “noventa e dous mil novecentos vinte e oito euros con cincuenta céntimos” (92.928,50 euros).

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda:

Primeiro.- Expoñer ó público durante 20 días, mediante anuncio no Boletín Oficial da Provincia, a Memoria “Proyecto de acondicionamiento y mejora de los viales de acceso al Casco Histórico de Viveiro”.

Concello de Viveiro



Concello de Viveiro

Segundo.- Dar traslado do presente acordo ó Servizo de Contratación para o seu coñecemento e efectos.

E non habendo máis asuntos que tratar, por parte da Sra. Alcaldesa levántase a sesión, sendo as 15:30 horas do día 23 de agosto de 2016, extendéndose de todo o tratado a presente acta, da que eu Secretaria dou fe.